

# San Xoán pequeniño 2016

— ARTES ESCÉNICAS NA RÚA —

PROGRAMACIÓN PARA TODOS OS PÚBLICOS

# San Xoán Pequeniño 2016



# San Xoán Pequeniño nos barrios

VENRES 17	<b>A BANDA DAS APERTAS</b> Praza das Conchiñas / 17:00h	<b>CARAMUXO</b> "HISTORIA D'UNHA SEMENTE" Praza Elíptica/18:30h
SÁBADO 18	<b>QUINQUILLÁNS</b> "POR QUE É SALGADA A AUGA DO MAR?" Novo Mesoiro / 17:00h	<b>ISLA LETRISKA</b> "LE TRISKA INMORTLE" Sagrada Familia / 18:30h
DOMINGO 19	<b>DANTHEA TEATRO</b> "A CARAPUCHIÑA VERMELLA OU O CONTO DO LOBO" Palavea / 17:00h	<b>TROPICALLO</b> "JIÑOL" Praza de Lugo / 18:30h
LUNS 20	<b>ANXO MOURE E SERVANDO BARREIRO</b> "A MÚSICA DAS ÁRBORES" Parque de Vioño / 17:00h	<b>TANXARINA</b> "TITIRICICLUS" Explanada do Parrote / 18:30h
MARTES 21	<b>DABOAPIPA</b> "CONTOS DE ANIMALARIO" Parque Europa / 17:00h	<b>CRISTÓFORO COLOMBO</b> "LAS AVENTURAS DE PULCHINELA... LAS ALAS DE LA MARIPOSA" Praza da Tolerancia / 18:30h
MÉRCORES 22	<b>ÁNGELES DE TRAPO</b> "VIAJEROS DEL CARRUSEL" Praza da Leña / 17:00h	<b>ELEFANTE ELEGANTE</b> "O LOBO BORO" Praza Pablo Iglesias / 18:30h
XOVES 23	<b>CÍA PASSABARRET</b> "RODOLFO & RITA" Xardíns de Méndez Núñez / 17:00h	<b>CÍCLICUS</b> "LA TARTANA" Obelisco /18:30h



## A banda das apertas

VENRES 17 DE XUÑO // 17:00H - PRAZA DAS CONCHIÑAS

Nesta ocasión o creador de A nena o grilo Magín Blanco estará acompañado polos músicos María Faltri, Jorque Juncal e Jerry Noia, xuntos irán repasando as aventuras de A nena e o grilo e descubrindo os seus segredos, a través de cancións e contos.

As músicas irán viaxando polas singulares aventuras nas que se achegarán ao mundo dende a perspectiva mesma dos nenos, sinxela e xenerosa.

Se coa edición dos libros pretendemos estimular a curiosidade e a creatividade dos nenos deixándolle para eles un lugar propio no libro onde podan expresarse, neste directo as cancións abrirán as portas para que poidan crear seu propio universo e achegar as historias dende a súa propia perspectiva.



# Caramuxo Teatiro

## "Historia dunha semente"

VENRES 17 DE XUÑO // 18:30H - PRAZA ELÍPTICA

Como é posible que algo tan pequeno se converta nalgo tan grande? "Historia dunha semente" é a historia dunha árbore, dunha maceira que enche de vida a pradeira. Galiñas que non poñen ovos, raposos con moita fame, unha mosca snamoradiza en busca dun moscón, unha nube e un sol moi peculiares e moita diversión. Unha fábula que reflexiona sobre a natureza e os cambios que se producen nela.

Espectáculo cómico de títeres de mesa e actores cheo de maxia, que introduce ós mais novos nun mundo fantástico e imaxinativo.



## Quinquilláns - Por qué é salgada a auga do mar?

SÁBADO 18 DE XUÑO // 17:00H - NOVO MESOIRO

- Os Quinquilláns presentan, neste espectáculo teatral de pequeno formato, unha divertida obra con dous actores onde se debate sobre a orixe do sal na auga do mar.
- O argumento parte dun conto tradicional que trata de dar explicación á salinidade dos océanos e que ten versións en case todas as culturas do mundo, aínda que Os Quinquilláns fan unha adaptación para cada función, con alusións á xeografía e medio natural da zona de representación.
- O espectáculo irá acompañado dun pequeno pasarrúas con bonecos inchables no que o público acompañará aos personaxes a unha "expedición aos fondos mariños" na que descubrirán como viven e se desenvolven especies coma a manta-raia, o cabaliño de mar, os peixes de cores...



## Isla LeTriska

SÁBADO 18 DE XUÑO // 18:30H - SAGRADA FAMILIA

Isla LeTriska presenta este delirante espectáculo no cal combina disciplinas de Novo Circo: malabares, paiaso, equilibrios... con excentricidades e xogos co público. Un personaxe eléctrico e bastante tolo sorprenderá a todos realizando proezas como: malabares increíbles, memorizar centos de nomes, darlles novos usos a obxectos cotiáns, pelexar co público ou converter a un neno nun grande artista de circo. Habilidade, perspicacia, velocidade mental e sobretudo tontería, moita tontería. Pequenos e grandes sacarán ó tolo que levan dentro



## Nanthea Teatro - "A carapuchina vermella ou o conto do lobo"

DOMINGO 19 DE XUÑO // 17:00H - PALAVEA

Duas versións do mesmo conto, porque cada quen narra o conto como lle vai na feira.

Un avó moi vello e encollido, e o seu neto relambido, queren conta-lo conto a un tempo; acordan que o neto leve o fío e o avó lle axude só cando o novo se atranque. Pero o avó se apaixonou e chochea a partes iguais, e ámbolos dous fanse unha lea de moita tea, coa Carapuchiña... Vermella?

E pra rematar, o Lobo, farto da súa mala prensa, quere da-la súa versión da historia.

Un contacontos, un monicreque, un toque de papiroflexia, e moito humor, co público dentro do conto.



NOS  
BARRIOS

## Trompicallo - "Jiñol"

DOMINGO 19 DE XUÑO // 18:30H - PRAZA DE LUGO

Jiñol, Rosalia, o Sr. Bulú e o Policia ven alterada a sua vida pola inesperada chegada dun paquete que contén nada mais e nada menos cun crocodrilo. Este é o arranque dunha historia dinámica e divertida, contada con títeres de luvas, na que as distintas situacións da obra xiran arredor do comportamento que os títeres teñen co intruso. A evolución deste conto desembocará nun inesperado final.

No tocante á técnica, froitas e hortalizas foron a inspiración, pola pureza das súas formas, no intre de deseñar as cabezas. O ollos danlle ao rostro a característica decisiva para a irradiación da figura. O Sr. Bulú, por exemplo, é un limón





## Anxo Mouxe e Seivando Barreiro - "A música das árbores"

---

LUNS 20 DE XUÑO // 17:00H - PARQUE DE VIOÑO

Espectáculo de animación de rúa, cantos, contos e música baseado no libro-CD do mesmo nome editado no outono do 2015 en Xerais edicións.

Graciano Zoqueiro, trasniño e gaiteiro, descubriu que as árbores facían música. Cando o vento move as polas nace unha sinfonía, unha orquestración. Cando a chuvia cae nas follas soa un violín, unha gaita, unha zanfona, cada vez que unha treboada fai danzar os freixos ármase un espectáculo de ballet.

Mais Graciano Zoqueiro, trasniño e gaitero, descubriu tamén que con cada un dos incendios forestais, cos lumes, coas talas, desaparecían os sons, cantigas, danzas, a música dos bosques. Por eso foi quen de chamar ao Bardo Abelardo para que lle axudase a salvar a música das árbores.



## Tanxarina - "Titiricircus"

LUNS 20 DE XUÑO // 18:30H - EXPLANADA DO PARROTE

Titiricircus es el "todoterreno" de nuestra cartelera, con más de 900 representaciones. Se trata de una memoria fantástica y festiva del gran circo de carpa alta y bicolor: la historia de dos viejos trabajadores de aquel circo que recuerdan ahora, acompañados de marionetas de hilos, las glorias de su pasado en la pista.

En un permanente juego participativo con el público, van apareciendo los números más importantes de aquel viejo circo ya desaparecido: el hombre más fuerte de la Península Ibérica, el malabarista más divertido y bailongo del mundo....



## Daboapipa - "Contos de animalario"

MARTES 21 DE XUÑO // 17:00H - PARQUE EUROPA

Unha viaxe polos montes, prados e camiños máis verdes que puideramos ver, chea de encontros cos animais máis maravillosos: toupas choscas, chivos enormes e ogros torpes, pombas doces e dragóns atroces, bechos estraños, cabalos azuis e cantigas de fai anos e non tantos.

Un espectáculo no que as palabras roxen coma bestas, asubían como paxaros e corren coma gacelas. As verbas gañan volume de animais, de criaturas, de seres misteriosos, de feras asombrosas. Recrean así unha fauna única que viaxa polo aire grazas á voz e á música de Daboapipa. Dende a gorxa dos artistas á fantasía dos rapaces, cada un dos animais que xorden destes Contos do Animalario estimularán a imaxinación dos máis cativos, que gozarán ao descubrir as mil e unha caras que poden ter os animais, reais ou fantásticos, voadores ou de terra, de catro ou máis patas.



## Cristóforo Colombo - "Las aventuras de Pulchinela" - (Cáceres)

MARTES 21 DE XUÑO // 18:30H - PRAZA DA TOLERANCIA

No estilo da Comedia da Arte, este espectáculo está composto por historias breves que realzan valores universais, representadas con distintas técnicas: máscaras, títeres, mascaróns, grandes bonecos... e cancións en directo. O valente Pulchinela, heroe de moitas aventuras e desventuras, decide independizarse do titiriteiros e percorrer o mundo liberado deses fíos que considera verdadeiramente insoportables...

Entre as súas tantas andanzas atópase o episodio da súa amiga "Mariposa". Esta historia acontece nun bosque... donde unha bolboreta ensaiando o seu primeiro voo sofre un accidente que lle impide continuar gozando do ar que merecen as súas ás....rómpelle unha delas e recorre ao seu grande amigo "o valente Pulchinela" quen se ofrece a axudarlle e a atopar a solución a tan enorme problema.

Descobren o libro da sabiduría do bosque onde di... "Para coser as ás das bolboretas son precisos tres pelos da cabeleira dun León" Pulchinela é moi valente, pero a tarefa non é sinxela. Despois de varias trágadas e artimañas chegamos á conclusión de que falando se entende a xente e que entre tod@s podemos axudarnos.



# Ángeles de trapo

## "Viajeros del carrusel" (Uruguay - Málaga)

MÉRCORES 22 DE XUÑO // 17:00H - PRAZA DA LEÑA

"Viajeros del carrusel" está inspirado nas personaxes da suite "O carnaval dos animais" de Camile Saint Saëns. Combinando música en directo, teatro visual, clown e títeres autómatas, cóntanse pequenas historias cheas de humor e emoción que nos falan do mundo fantástico que rodea aos carruseis.

"Ángeles de trapo" é unha compañía uruguaia que se afincou en España a partir do año 2003. As súas montaxes, na súa maioría creados por Julio Gallo, egresado na Escuela de Bellas Artes de Montevideo, foron reconocidas pola crítica.





# Elefante Elegante "O lobo lobo"

MÉRCORES 22 DE XUÑO // 18:30H - PRAZA PABLO IGLESIAS

Gonçalo Guerreiro mistura os contos de sempre para crear unha nova historia na que conviven o cómico e o poético co teatro xestual e a música.

Un espectáculo interactivo, onde as marionetas cobran vida nas casas que se irán construíndo diante dos ollos dos espectadores á medida que se narran as novas aventuras dos personaxes dos clásicos infantís.

Que pasaría se o lobo da Carrapuchiña se fixese vexetariano?  
Que acontecería se a Madrastra de Branca de Neve se convertise nun dos tres Porquiños por mirarse tanto no espello máxico?  
A resposta a estas e outras preguntas poderémolas descubrir no novo espectáculo do Elefante Elegante.

A photograph of two performers, a man and a woman, sitting on a red leather sofa. The man, in the foreground, is wearing a black jacket over an orange shirt and is looking directly at the camera with a neutral expression. The woman, behind him, is wearing a black long-sleeved top, a yellow headband, and has blue eye makeup. She is making a playful, pouting face and gesturing with her hands. The background shows a dark floor and a white door.

# Rodolfo & Rita

## *Cia Passabarret - Rodolfo & Rita (Catalunya)*

XOVES 23 DE XUÑO // 17:00H - XARDÍNS DE MÉNDEZ NÚÑEZ

Acrobacia, ilusionismo, transformismo, malabares, humor e amor... Rodolfo e Rita non son unha parella de artistas: son a parella. Dous personaxes que, lonxe de ser unha parella perfecta no escenario, convertíronse nuns artistas de circo certamente antagónicos. Dous paiasos nunha historia de amor e odio dentro e fora do escenario que, aínda así, funcionan!

Un espectáculo para nenos, de paiasos e circo, co selo inconfundible da Cia. Passabarret.





## La Tartana "Cielicus" (Catalunya)

XOVES 23 DE XUÑO // 18:30H

OBELISCO

Os artistas espertan tarde e danse conta que perderon o seu cabalo. Coa axuda do público que empurra o carro, diríxense ao concello a buscar o permiso para actuar na rúa. Durante o percorrido, haberá diversos altos no camiño nos que nos presentarán os seus números de "boleadoras", camapanas, peonzas e malabares.

Espectáculo itinerante de circo de 60 minutos con 3 artistas de circo e 2 músicos sobre un carro empurrado polo público. O carro é unha grande presenza cun efecto cautivador no público. Dese atractivo e da diversidade de posibilidades que ofrece xurde a chispa para propoñer este novo espectáculo en forma de pasarrúas que reúne a forza e o magnetismo da tartana, a potencia da música en directo e a fascinación que produce o circo.

Praza  
de  
María Pita

24 de xuño

# Programación

MAÑÁ	12:00 12:20 12:50	APERTURA DO FESTIVAL, COAS ACTIVIDADES PARALELAS OS MONIFATES XOÁN CURIEL - "ESTAMOS NO VERÁN"(CONCERTO)
TARDE	16:30 16:45 18:00 18:50 19:00 20:00 20:15	CÍA CÍCLICUS - "LA TARTANA" (CATALUNYA) PRESENTACIÓN DE TEATRO DOS GHAZAFELHOS A GRAMOLA GOMINOLA (CONCERTO) OS MONIFATES FADAS MAGRINHAS (BRASIL - CONCERTO) ESPECTÁCULO LA TARTANA (CATALUNYA) GRAN CONCERTO DO SONS MIÚDOS
ACTIVIDADES PARALELAS		PRESENTADORES- TEATRO DOS GHAZAFELHOS OBRADOIRO DE CIRCO "LA BEA" CASA DOS XOGOS XANOBELA



PRESENTACIÓN

## Teatro dos Ghazafellos

Os integrantes do Teatro dos Ghazafellos serán os encargados de conducir esta gran festa que é o San Xoán Pequeniño.

Teatro Ghazafellos é unha das compañías de referencia en Galicia para o público familiar. Tamén así, dous dos seus compositores son os protagonistas do espectáculo de Magín Blanco "A nena e o grilo", na que desenvolven un labor de condución do mesmo. Así pois, estamos a falar dun elenco punteiro, especializado no público infantil e moi querido por este.

Ademais de actores, eles mesmos son os creadores dos seus propios proxectos polo que teñen unha grande experiencia na redacción de guións, os cales adoitan destacar pola súa orixinalidade, o seu didactismo e a súa poesía, dando lugar a creacións divertidas nas que mesturan teatro xestual, mímica, manipulación de títeres, obxectos e música. Unha delicia para o público máis cativo.



## Xoán Curiel – “ESTAMOS NO VERÁN”

Xoán Curiel e a banda Son+d2, presentan este espectáculo para público infantil e familiar. Con músicas moi cañeiras que tocan estilos como o funk, o rock ou a bossa nova, e que sintonizan coa onda do Xabarín. Un espectáculo con 4 músicos, 2 cantantes e unha bailarina, cheo de música, historias, danza e coreografías que fan participar ao público e mergullan aos rapaces e rapazas nun soño de verán...



## A Gramola Gominola

---

A Gramola Gominola fai un repaso pola historia da música moderna onde se recollen os diferentes estilos que a compoñen: do blues ata punk, pasando polo ska, reggae, pop... entre moitos outros. O fío condutor deste repaso pola historia da música faise a través da cantante do grupo, Paula Romero. Paula vaise presentar a varias probas con grupos de diferentes estilos que buscan unha nova voz para as súas formacións. Ela terá que adaptarse ao que pide cada un dos grupos, que irán vestidos con roupa e accesorios característicos dos estilos musicais que representan. O que Paula non sabe é que, en realidade, é o mesmo grupo de música que vai cambiando de roupa. Pero non é só un espectáculo de diversión e risas, tamén é unha proposta didáctica para cativada onde poderán coñecer en clave de humor os diferentes estilos que engloban este mundo de músicas.



## As Fadas Magrinhas

---

O grupo Fadas Magrinhas está composto polas xemelgas brasileiras Aninha e Lulu Araújo. Grandes admiradoras do folclore Pernambucano, estas irmás levan ao palco toda a riqueza e alegría desas tradicións, entoando cancións en ritmos de frevo, Coco, Maracatu e Caboclinho. Ademais das músicas do seu CD, a banda toca cancións como Noite no Castelo de Hélio Ziskind, Borboletinha e Baratinha de Domínio Público, Chegança de Wilson Freire e Antônio Nóbrega e o Clássico da Palavra Cantada, Criança Não Trabalha.

Este espectáculo trae, ademais, a novidade da percusión corporal, da utilización de obxectos e instrumentos.

A banda está formada polas irmás Lulu e Aninha Araújo, que asumen o vocal e a percusión, ademais dos músicos Públius Lentulus, na guitarra, bandolín e vocal; Hugo Linns no baixo e sampler e Ricardo Fraga na batería.



SONS  
MUNDOS



# Sons Miúdos

## EN XIRA POLAS GRANDES FESTAS DE GALICIA

**Despois do éxito acadado por este espectáculo no Auditorio de Ourense, pensamos que as festas son unha boa oportunidade para representar novamente esta produción no seu formato para exterior, facilitándolle a toda a poboación a posibilidade de asistir ao evento para o público miúdo de maior relevancia artística que se teña constatado en Galicia ata o de agora.**

“Sons miúdos” quiere facer evidente a gran riqueza do panorama musical galego infantil a través dun espectáculo que consegue reunir enriba dun mesmo escenario aos máis importantes músicos e cantantes destes grupos galegos. Conducido pola actriz Montse Piñón e polo actor Pepablo Patiño irase fiando unha narración de xeito pola historia da música galega infantil dos últimos 15 anos a medida que se vai tocando unha lista de cancións escollida entre o repertorio dos e das cantantes colaboradores e tocada e cantada polos seus protagonistas: Gloria, de Mamá Cabra; Magín Blanco, de A nena e o grilo; Pablo Díaz; Ana Senlle, de María Fumaça; Xoán Curiel e Paco Nogueiras. En total, doce persoas enriba do escenario facendo as delicias das nenas e nenos.

Así pois, o espectáculo está composto por unha banda base formada por un cuarteto musical que reúne aos mellores músicos dos grupos infantís, todos eles cunha importante traxectoria profesional. A isto hai que engadirlle a colaboración destes seis cantantes antes mencionados así como a dos dous actores antes mencionados. En total, doce grandes artistas da cultura musical infantil, coñecidos por todo o público miúdo, nunha escenografía creada para a ocasión que vestirá de gala esta festa da música.





## Cielicus – “LA TARTANA” (CATALUNYA)

Os artistas espertan tarde e danse conta que perderon o seu cabalo. Coa axuda do público que empurra o carro, diríxense ao concello a buscar o permiso para actuar na rúa. Durante o percorrido, haberá diversos altos no camiño nos que nos presentarán os seus números de “boleadoras”, camapanas, peonzas e malabares.

Espectáculo itinerante de circo de 60 minutos con 3 artistas de circo e 2 músicos sobre un carro empurrado polo público. O carro é unha grande presenza cun efecto cautivador no público. Dese atractivo e da diversidade de posibilidades que ofrece xurde a chispa para propoñer este novo espectáculo en forma de pasarrúas que reúne a forza e o magnetismo da tartana, a potencia da música en directo e a fascinación que produce o circo.



## CIA Passabariet – “TALLER DE CIRCO LA BERTA” (CATALUNYA)

Esta carpa é moi singular... “La Berta é unha auténtica fábrica circense!” A diferenza doutros circos, este non leva os artistas incorporados, senón que busca por alí onde pasa a todos aqueles que queiran converterse por un día en os protagonistas deste espectáculo. Non importa a idade que teñas: pon a proba as túas habilidades en La Berta!

Un cable de funambulismo, percorridos de equilibrios, educativos de equilibrismo, dúas bolas de equilibrios, semiesferas, pedal-go, hula-hoop, tubos musicais, xogos de puntería, elementos malabares, zancos de tallo, zancos de bote, rulos americanos, mini-bicicletas, platos chineses e moito máis.



XOGOS

## A Casa dos xogos

“A casa dos xogos” propón unha xornada de xogo diferente, un gran espazo de convivencia e relacións humanas, unha ferramenta lúdica de calidade, nova e accesible a todos os públicos dende a primeira infancia.

So, en familia, cos amigos, facendo amigos, cada un pode aproveitar nesta macro ludoteca un xeito novo de divertirse, onde os participantes poderán aproveitar xogos de curta duración ate longas horas de xogo.

“A casa dos xogos” preséntase como un gran espazo repartido por áreas de xogo onde os participantes poderán experimentar unha amplísima compilación de xogos tradicionais chegados dos cinco continentes.

## Xandobela

O xogo é a ferramenta principal do traballo de Xandobela, o seus eixo vertebrador, presente en todas as súas actividades, proxectos e intervencións. Un dos seus retos é revalorizar o papel que o xogo ten na vida das persoas e das comunidades, por esta razón, propoñen actividades de creación de xogos, dinamización de espazos e eventos, e variados xogos e xincanas para traballar contidos socioeducativos e culturais.



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

